


## ACTIVIDADES TEMA 4 . OS SERES VIVOS

1. **Pensa por un momento en que te fixarías para determinar se un ser está vivo ou non e despois elabora coas túas palabras, unha definición de ser vivo e busca exemplos se seres vivos e seres inertes.**
  
2. **Sinala as tres características que teñen en común todos os seres vivos e que os diferencian da materia inerte.**
  - Están compostos só por substancias orgánicas.
  - Están formadas por átomos.
  - Realizan as tres funcións vitais: a nutrición, a relación e a reprodución.
  - Están compostos polo mesmo tipo de substancias: as substancias orgánicas e inorgánicas.
  - Só se reproducen sexualmente.
  - Organízanse a partir de unidades similares: as células.
  
3. **Cita as tres características comúns que teñen todos os seres vivos.**
  
4. **Completa o texto sobre os principais constituíntes dos seres vivos coas palabras correctas.**

Os compoñentes máis importantes de todas as células son os compoñentes ..... (..... e sales minerais) e os compoñentes ..... (os glúcidos, os ....., as ..... e os ácidos .....) )
  
5. **Explica a diferenza entre os distintos tipos de bioelementos presentes nos seres vivos.**
  
6. **Por que se denominan biomoléculas os glúcidos, os lípidos, as proteínas e os ácidos nucleicos? Elix a opción correcta.**
  - Porque son substancias inorgánicas.
  - Porque son exclusivas dos seres vivos e non se encontran na materia inerte.
  - Porque se encontran presentes tanto nos seres vivos como na materia non viva.


7. Observa as moléculas de glicosa e de ácido graxo da imaxe. Se as bólas negras representan o carbono; as brancas, o hidróxeno, e as vermellas, o osíxeno, elixe cantos átomos de carbono, hidróxeno e osíxeno forman cada unha destas dúas substancias.



- A molécula de glicosa está formada por ..... átomos de carbono, ..... de osíxeno e ..... de hidróxeno.

- A molécula de ácido graxo está formada por..... átomos de carbono, ..... de osíxeno e ..... de hidróxeno.

8. Observa os datos da composición química do ser humano:



- Calcula a porcentaxe de substancias orgánicas e inorgánicas.

- Que biomolécula falta no diagrama?

9. Explica que significa a frase: “ A célula é a unidade básica dos seres vivos.”

10. Relaciona cada estrutura coa súa definición.

Contén principalmente auga e substancias disoltas

As células están delimitadas por esta estrutura

Controla a actividade celular

Membrana citoplasmática

Citoplasma

Material xenético (ADN)

**11. Coloca as características segundo correspondan ás células procariotas ou eucariotas.**

ADN disperso no citoplasma

Gran variedade de orgánulos

ADN no interior dun núcleo

Unicamente posúen ribosomas


Célula de maior tamaño e complexidade

Son as células propias das bacterias


Células procariotas	Células eucariotas

**12. Observa as imaxes correspondentes á célula eucariota vexetal e á célula eucariota animal e coloca os orgánulos onde corresponda.**

Célula eucariota animal




Célula eucariota vexetal




Eucariota animal	Común	Eucariota vexetal

13. Que orgánulos son exclusivos das células vexetais?
14. Que función ten a membrana plasmática? En que células está presente?
15. Que estrutura é a que mantén a forma poliédrica nas células vexetais?
16. Que función teñen as mitocondrias? En que células están presentes?
17. Identifica o tipo de célula seguinte e pon nome as súas partes:



18. Nas ilustracións aparecen os rótulos de cor azul e os rótulos de cor verde . A que proceso corresponden estes rótulos? Completa o texto coas palabras adecuadas.



- Os rótulos azuis corresponden ao proceso da ....., que ten lugar en todas as células (nos orgánulos denominados .....) e que realizan todos os seres vivos.
- Os rótulos verdes corresponden ao proceso da ....., que ten lugar nas células ..... (nos orgánulos denominados .....) e que realizan algúns seres vivos, como por exemplo, .....

19. Clasifica estes seres vivos segundo teñan nutrición autótrofa ou heterótrofa:

humanos  
alga vermella

algas verdes  
serpe

ortiga

cianobacterias  
orangután

champiñón  
oliveira

ovella  
ameba

Nutrición autótrofa	Nutrición heterótrofa

20. Describe dúas situacións nas que se observen o modo de relacionarse os seres vivos: unha delas entre dous seres vivos e outra, entre un ser vivo e o medio no que viven.

21. Hai algúns organismos que son capaces de elixir a forma de reproducirse, asexual ou sexual, segundo as circunstancias. Pensa en cales poden ser esas circunstancias e que vantaxes ten cada proceso.

22. Escribe os nomes dos taxóns por orde, empezando polo que agrupa un maior número de individuos.

23. Busca as distintas categorías taxonómicas (da máis xeral a máis específica) dunha cebola.

24. Busca tres nomes científicos de seres vivos pertencentes a cada un dos reinos. Presta atención de escribilos correctamente.

25. Son da mesma especie un león (*Panthera leo*) e un tigre (*Phantera tigris*)? E do mesmo xénero?

26. Selecciona que reinos presentan as seguintes características:


a) En que reinos hai seres autótrofos?  
Moneras      Protoctistas      Fungos      Plantas      Animais

b) En cales hai seres unicelulares?  
Moneras      Protoctistas      Fungos      Plantas      Animais


c) En que reinos hai seres vivos con tecidos?  
Moneras      Protoctistas      Fungos      Plantas      Animais

d) En que reinos hai seres con órganos, sistemas e aparatos?  
Moneras      Protoctistas      Fungos      Plantas      Animais

27. Que características teñen en común os organismos do reino Animal e os do reino Plantas?
28. Respecto ao tipo de nutrición, en que se parecen os organismos do reino Fungos e os do reino Animal?
29. Que reinos teñen organismos con nutrición autótrofa?
30. Crea o esquema conceptual da unidade utilizando como modelo o mapa conceptual seguinte. Completa os espazos baleiros e amplía as súas ramas. Achega o arquivo cando o teñas listo.



31. Observa as imaxes seguintes e clasifica cada un dos seres vivos segundo a que reino pertencen:



32. Responde ás seguintes cuestións sabendo que en 5 kg de masa animal hai, aproximadamente, 10 billóns de células.
- Cantos billóns de células haberá nun ser humano que ten unha masa de 55 kg?
  - Cantos billóns nun elefante de 6 800 kg?
  - Segundo o dato do enunciado, canta masa terá, aproximadamente, unha célula animal.